

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO DA SUBMINISTRACIÓN PARA O "ACONDICIONAMENTO DE MOBILIARIO DAS VIVENDAS DOS MESTRES (BLOQUE A)". EXPTE CONTRATACIÓN Nº 2023/C005/000002.

1. Emitido o informe xustificativo da necesidade de contratación en data de 01/03/2023,
2. Vista a providencia de alcaldía de data 02/03/2023, onde se expoñen os antecedentes de contratación e se incoa o procedemento de contratación,
3. Logo de ver o certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente obrante no expediente de data 6/02/2024, número de operación 220230001464, por un importe de 22.983,71 euros,
4. Visto o prego de cláusulas administrativas particulares proposto pola Alcaldía obrante no expediente.
5. Logo de ver o informes de secretaría emitidos en datas de 7/03/2023, obrante en TEDEC como documento electrónico, así como o informe de intervención de fiscalización de data de 12/02/2024, rectificado por informe de 13/05/2024 obrante en TEDEC como documento electrónico, ambos obrantes no expediente.
6. Visto o prego de prescricións técnicas da subministración para o "ACONDICIONAMENTO DE MOBILIARIO DAS VIVENDAS DOS MESTRES (BLOQUE A)" redactado pola arquitecta Sandra Gonzalez Álvarez, en Xaneiro de 2022, con orzamento base de licitación de 22.983,71 euros (18.994,80 euros máis 3.988,91 euros)

Logo de ver o disposto no artigo 116 e 117 da LCSP, e tendo en conta o establecido no artigo 159.6 da LCSP.

E en atención ás competencias atribuídas a esta Alcaldía pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 (LCSP) presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación (composto polo prego de cláusulas administrativas para esta SUBMINISTRACIÓN e os demais documentos que obran no mesmo anteriormente indicados) mediante procedemento aberto simplificado sumario (criterios de apreciación automática) e o prego de prescricións técnicas particulares redactado pola arquitecta Sandra Gonzalez Álvarez, con orzamento base de licitación de 22.983,71 euros (18.994,80 euros máis 3.988,91 euros).

SEGUNDO: Autorizar, en contía de 22.983,71 euros, o gasto que representa a contratación referida, con cargo á partida do estado de gastos do Orzamento Municipal correspondente

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 297,534 exp. 2021/G003/000411

(231/62500)

TERCEIRO: Publicar na Plataforma de contratación do Sector Público o anuncio de licitación, así como a Providencia xustificativa da contratación e demais documentos indicados no artigo 116 da LCSP, para que durante o prazo de 10 DIAS HÁBILES a contar dende o seguinte ao da publicación do citado anuncio, poidan os interesados presentar as proposicións que estimen pertinentes.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos pola Alcaldía do que a Secretaría, para os únicos efectos de fe pública, da fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO DAS VIVENDAS DOS MESTRES

PROVIDENCIA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE

Expediente de contratación de subministración para ACONDICIONAMENTO DE MOBILIARIO DAS VIVENDAS DOS MESTRES, expediente número 2023/C005/000002, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2022,

1. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE , de 26 de febreiro de 2014, os entes, organismos e entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia de esta na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

2. Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "POS+ 2022", aprobadas polo pleno da Deputación Provincial de A Coruña, con data 26 de novembro de 2021. (BOP número 228, do 30 de novembro de 2021),

Visto que o Pleno da Corporación na sesión realizada o día 09/02/2022, acorda a PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA,

Visto que con data 25/03/2022 co número de Rexistro 202299900031106, recíbese neste Concello requirimento de subsanación da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que con data 26/05/2022 o Pleno da Corporación en sesión ordinaria aprobou a modificación do Anexo I,

Visto que en Xuño de 2022, comunícase a este Concello Circular sobre a aprobación do POS+2022, indicando os investimentos que a tal fin foron incluídos no citado Plan Provincial correspondente ao ano 2022, entre a que se encontra a relativa ao Acondicionamento mobiliario vivendas dos mestres (Bloque A),

3. A finalidade que se trata de conseguir co citado proxecto, tal e como se recolle no Prego para subministración do mobiliario nas vivendas dos mestres, Bloque A, redactada pola arquitecta, Sandra Gonzalez, Alvarez, é o acondicionamento do mobiliario das 4 Vivendas dos Mestres situadas en Rúa Mestres 10A, Rianxo, para poder cumprir unha habitabilidade digna.

4. De conformidade co sinalado na Base 7 das reguladoras do Plan establécese que os concellos contratarán os investimentos de acordo coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente polo Pleno da Deputación da Coruña en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021. Nembargantes eses pregos unicamente se refiren á obras.

Consta tamén no expediente Anexo V referido ao informe técnico individual para dito investimento, de acordo co esixido na Base 5.B.3.2 do Plan, emitido pola Arquitecta municipal, Dona Ana Isabel Piñeiro Esperante, en data 02/02/2022,

Consta tamén no expediente Anexo VI, referido ao informe técnico xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, emitido por Dona Ana Isabel Piñeiro Esperante, e Mónica Pichel García en data 02/02/2022,

5. Conforme ao artigo 99.3 da LCSP establece que *"sempre que a natureza e o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes... Non obstante o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente..."* A estes efectos consta no Anexo V, Informe técnico sobre o investimento, emitido pola Arquitecta municipal, Dona Ana Isabel Piñeiro Esperante, en data 02/02/2022, que "Dende a dirección técnica do proxecto non se recomenda a división en lotes pola entidade da subministración, e posto que cada un dos elementos é esencial para poder cumprir o mínimo das Normas do Hábitat Galego."

6. De acordo co establecido no artigo 131 da LCSP, *"a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade prezo e utilizando o procedemento aberto e o procedemento restrinxido, salvo nos contratos de concesión de servizos especiais do Anexo IV que se adxudicarán mediante este último procedemento"*. Así mesmo segundo o disposto no artigo 159.6 da LCSP, nos contratos de obras de valor estimado inferior a 80.000 euros, e en contratos de subministración e de servizos de valor estimado inferior a 60.000 euros, o procedemento aberto simplificado poderá seguir a seguinte tramitación:

a) O prazo para a presentación de proposicións non poderá ser inferior a dez días hábiles, a contar desde o seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante. Non obstante o anterior, cando se trate de compras correntes de bens dispoñibles no mercado o prazo será de 5 días hábiles.

b) Eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

c) A oferta entregárase nun único sobre ou arquivo electrónico e avaliarase, en todo caso, conforme criterios de adxudicación cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas establecidas nos pregos.

d) A valoración das ofertas poderase efectuar automaticamente mediante dispositivos informáticos, ou coa colaboración dunha unidade técnica que auxilie ao órgano de contratación.

Garantírase, mediante un dispositivo electrónico, que a apertura das proposicións non se realiza ata que finalízase o prazo para a súa presentación, polo que non se celebrará acto público de apertura das mesmas.

e) As ofertas presentadas e a documentación relativa á valoración das mesmas serán accesibles de forma aberta por medios informáticos sen restrición algunha desde o momento en que se notifique a adxudicación do contrato.

f) Non se requirirá a constitución de garantía definitiva.

g) A formalización do contrato poderá efectuarse mediante a firma de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación.

En todo o non previsto neste apartado aplicarase a regulación xeral do procedemento aberto simplificado prevista neste artigo.

Polo que de conformidade co exposto, óptase pola licitación mediante **procedemento aberto simplificado sumario (art 159.6)**, con arranxo á seguinte puntuación:

- Baixa no prezo de licitación: 0-100 puntos.

7. Respecto á dispoñibilidade dos terreos, consta tamén no expediente Anexo VI, referido ao informe técnico xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, emitido por Dona Ana Isabel Piñeiro Esperante, e Mónica Pichel García en data 02/02/2022, onde se recolle o seguinte: *“O investimento execútase sobre o inmovible con referencia catastral 5225040NH1252S0001YU... Consta certificación catastral da parcela con referencia catastral 5225040NH1252S0001YU pertence ao Concello de Rianxo...”*

Visto o “Prego para subministración do mobiliario nas vivendas dos mestres Bloque A, Rianxo” redactado pola arquitecta Sandra Gonzalez Alvarez, con orzamento base de licitación de

22.983,71€ (18.994,80 euros máis 3.988,91 euros de ive), en atención á todo anterior, mediante a presente

ORDENO:

1º.- Que se incorporen ao expediente:

1.1 Certificado de existencia de crédito.

1.2 Os pregos reguladores da presente contratación coas puntuacións determinadas pola Alcaldía e os Anexos indicados.

1.3 Que se emitan os informes previos de secretaría e intervención.

3º.- Efectuado o anterior, déaseme conta aos oportunos efectos.

Rianxo, na data de sinatura dixital

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez